



Programación Docente de ESTILOS INTERPRETATIVOS

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	IMTP
CARÁCTER	B) Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	IMTP								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	REBECA CARRERA
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	REBECA CARRERA
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE					3				Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	REBECA CARRERA				rebecacarrera@edu.xunta.es				VER CADRO DE TITORÍAS	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Análise de diferentes estilos de interpretación da música tradicional, tendo en conta as características propias de cada instrumento (morfoloxía e afinación), a súa orixe (condicionamento xeográfico), e as interpretacións actuais ou históricas (características individuais e de diferentes colectivos).
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior
TRANSVERSAIS	2, 3, 13, 15
XERAIS	2, 4, 9, 11, 17, 22
ESPECÍFICAS	1, 2, 4, 5, 10

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os elementos condicionantes do estilo na interpretación musical, e en particular sobre gaita galega.	TODAS
Coñecer os elementos e normas básicas da análise e transcripción da música tradicional.	TODAS
Valorar o patrimonio cultural musical de Galicia	TODAS
Fomentar a análise crítica e razonada.	TODAS
Establecer patróns e esquemas para a clasificación do repertorio para gaita mediante a interpretación.	TODAS

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Metodoloxía da análise	Achegamento á metodoloxía da análise da música tradicional e normas básicas de transcripción da mesma. Arquivos existentes en Galicia	2
Transcripción	Transcripción de diferentes interpretacións propostas. Elaboración de fichas para a súa posterior análise.	4
Análise e conclusións	Coas audicións e transcripcións realizadas na aula, máis algunhas obtidas dos arquivos existentes en Galicia, establecemos características en función de zona xeográfica, función, xénero, contex-to, etc.	6
Repertorio	4.1. Análise - 4.2. Transcripción - 4.3. Interpretación	5
Total de sesións por cuadrimestre		17

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral: O profesor expón os elementos que necesitaremos para a realización das actividades propostas	12		12
Posta en común: En cada sesión haberá audicións comentadas e posta en común sobre o traballo realizado fóra da aula.	5		5
Traballo persoal: Correspóndese co traballo que realiza o alumnado fóra da aula, seguindo instrucións da sesión anterior		71	71
Avaliación	2		2
Total de horas por cuadrimestre			90



6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo de aula	O profesor elaborará un libro de aula no que figurarán os contidos de cada sesión cos comentarios sobre a resolución de cada un deles, contemplando o seguimento do traballo persoal de cada alumno. Tamén figurará a data de cada sesión, o traballo pendente para a próxima sesión, así como as faltas de asistencia de ser o caso.	TODAS	60%
Proba escrita	Constará de parte teórica e audicións para analizar e comentar.	TODAS	40%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Entrega de traballos	Cada alumno presentará un traballo de transcripción e análise das audicións propostas polo profesor.	TODAS	60%
Proba escrita	Constará de parte teórica e audicións para analizar e comentar.	TODAS	40%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Entrega de traballos	Cada alumno presentará un traballo de transcripción e análise das audicións propostas polo profesor.	TODAS	60%
Proba escrita	Constará de parte teórica e audicións para analizar e comentar.	TODAS	40%
EXTRAORDINARIA			
Entrega de traballos	Cada alumno presentará un traballo de transcripción e análise das audicións propostas polo profesor.	TODAS	60%
Proba escrita	Constará de parte teórica e audicións para analizar e comentar.	TODAS	40%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			
7. Alumnado con necesidades educativas especiais			
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS		
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.		
8. Bibliografía, materiais e documentos			
SCHUBARTH Dorothé e SANTAMARINA, Antón. Cancioneiro popular galego. Fundación Barrié de la Maza, A Coruña. The New GROVE Dictionary of Music and Musiciens, 2001 Arquivo do patrimonio oral de identidade APOI. http://www.apoi-mpg.org/ do Museo do Pobo Galego. INZENGA CASTELLANOS, José. Cantos y bailes populares de España. Madrid, 1888. MARTÍNEZ TORNER, E. e BAL Y GAY, J. Cancionero Gallego. F. Pedro Barrié de la Maza, 2007 (facsimil da edición de 1973) CD Colección TIRACOLO. Ed Ouvirmos. CD Colección Os Nossos Gaiteros. Ed Cumio			